

CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

DONA ANA RAMOS RAMOS, SECRETARIA DO CONCELLO DE PONTEDEUME, PROVINCIA DA CORUÑA.

CERTIFICO: Que en data 17/10/2022 , o Sr. Alcalde Presidente ditou o Decreto Nº 662/2022, que de seguido se transcribe no seu literal:

“Descrición decreto: EXPEDIENTE DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN PARA A EXECUCIÓN DAS OBRAS CONTIDAS NO PROXECTO "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021)

EXPEDIENTE Nº 2022/C003/000004

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

Logo de ver o proxecto "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)", documento con rexistro de entrada 202199900000396 de 04/03/2021, redactado e asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021, cun orzamento de 145.242,77 € (120.035,35 € + 25.207,42 € de IVE),. aprobado por Decreto 245/2021 de 22/04/2021.

Logo de ver o Decreto 412/2021 de 08/07/2021, cuxo contido se transcribe, en estrato:

“PRIMEIRO. –Participar na **1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se aceptaron na súa totalidade, confirmando a aplicación da maior achega provincial asignada ao financiamento dos investimentos financeiramente sostibles que xa tiña incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021,

...//...

SEGUNDO.- Declarar que o concello se compromete a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios, para facer fronte á achega municipal aos investimentos incluídos no POS+ Adicional 2/2021.

...//...”

Tendo en conta o Decreto 429/2021 de 15/07/2021 polo que se modifica o cadro de financiamento da solicitude de participación na **1ª Fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ Adicional 2/2021** da Deputación Provincial da Coruña, aprobada por Decreto Decreto 412/2021 de 08/07/2021, conforme ao seguinte:

| | |
|---|--|
| <i>Investimentos financeiramente sostibles xa</i> | <i>Financiamento dos investimentos</i> |
|---|--|



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| <i>incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2021</i> | <i>Deputación</i> | <i>Concello</i> | <i>Orzamento total</i> |
|--|-------------------|-----------------|------------------------|
| <i>AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)</i> | 121.978,62 € | 23.264,15 € | 145.242,77 € |
| <i>PAVIMENTACIÓN E HUMANIZACIÓN FREI GUMERSINDO PLACER</i> | 73.459,42 € | 14.010,42 € | 87.469,84 € |
| <i>TOTAL</i> | 195.438,04 € | 37.274,57 € | 232.712,61 € |

| | |
|---|--------------|
| <i>Mayor achega provincial asignada ao concello</i> | 195.438,04 € |
| <i>Mayor achega provincial aplicada na 1ª Fase</i> | 195.438,04 € |
| <i>Diferenza pendente para a 2ª Fase</i> | 0 € |

Logo de ver a circular da Deputación da Coruña de data 06.08.2021, de aprobación da 1ª fase do POS + ADICIONAL 2/2021.

Tendo en conta a Resolución 2022 / 29226 da Presidencia da Deputación da Coruña de data 22.06.2022, pola que se levantan as condicións e se aproba definitivamente o investimento Ampliación da rede municipal de saneamento de augas residuais en San Cosme (Nogueirosa), incluído no POS + ADICIONAL 2/2021 1ª Fase. (Código 2021.2102.0538.0)

Logo de ver o informe da intervención municipal nº 84.2022 sobre recursos ordinarios do orzamento.

Tendo en conta o documento de retención de crédito emitido pola intervención municipal en data 07.07.2022, por importe de 145.242,77 € con cargo á partida orzamentaria 160 60900 do orzamento de 2022.

Tendo en conta o informe técnico de necesidade, asinado dixitalmente en data 12.07.2022.

Logo de ver a acta de replanteo, asinada dixitalmente en data 12.07.2022.

Por Decreto 23/2021 de 19/01/2021 resolveuse, entre outros:



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

“PRIMEIRO.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2021 cos datos que se indican, atendendo aos informes técnicos emitidos polos respectivos redactores dos proxectos de obra que se indican:

...//...

| | |
|------------------------------|--|
| DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO | AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA |
| ORZAMENTO DO INVESTIMENTO | 145.242,77 € (IVE incluído) |

...//...”

Logo de ver a memoria xustificativa asinada dixitalmente en data 2408/2022

Tendo en conta o Decreto nº 559/2022 24.08.2022 de procedemento para a contratación das obras contidas no proxecto **"AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021)**, documento con rexistro de entrada 202199900000396 de 04/03/2021, redactado e asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021, cun orzamento de 145.242,77 € (120.035,35 € + 25.207,42 € de IVE),. aprobado por Decreto 245/2021 de 22/04/2021., mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria, coas características seguintes:

| | | | | | |
|----------------------------------|---|----------------------------|---|------------------|------------|
| TIPO DE CONTRATO | Contrato de obras | SUBTIPO DE CONTRATO | Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias. | | |
| OBXECTO DO CONTRATO | "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021) | | | | |
| PROCEDEMENTO CONTRATACIÓN | Procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP) | TIPO DE TRAMITACIÓN | Ordinaria | | |
| CÓDIGO CPV | CPV: 45232411-6 Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias. | | | | |
| VALOR ESTIMADO | 120.035,35 € | | | | |
| ORZAMENT | 120.035,35 € | IVE 21% | 25.207,42 | ORZAMENTO | 145.242,77 |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | | |
|--------------------------------|--|------------------|---|---|
| O BASE SEN IVE | | € | BASE IVE INCL. | € |
| FINANCIACIÓN | Aportación do POS+ Adicional 2/2021 da Deputación da Coruña: <ul style="list-style-type: none"> Aportación Deputación da Coruña: 121.978,62 € (83,98 %) Aportación Concello: 23.264,15 €(16,02 %) | | | |
| DURACIÓN DA EXECUCIÓN | DEZASETE (17) SEMANAS (OU CUATRO MESES), | PRÓRROGAS | Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente | |
| NECESIDADE A SATISFACER | Ampliación da rede municipal de saneamento. | | | |

Logo de ver o prego de cláusulas administrativas, documento asinado dixitalmente en data 24.08.2022

Á vista do informe da secretaría de data 24.08.2022

Tendo en conta o informe de fiscalización (fase A) do expediente de data 298/2022, de 21/09/2022, favorable con observacións.

En consecuencia, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e 117 da LCSP, e considerando as atribucións conferidas a esta Alcaldía segundo o establecido na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Aprobar o expediente para a contratación das obras contidas no proxecto "**AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)**" (**POS + ADICIONAL 2/2021**), documento con rexistro de entrada 202199900000396 de 04/03/2021, redactado e asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021, cun orzamento de 145.242,77 € (120.035,35 € + 25.207,42 € de IVE),. aprobado por Decreto 245/2021 de 22/04/2021., mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria, coas características seguintes:

| | | | |
|----------------------------|---|----------------------------|---|
| TIPO DE CONTRATO | Contrato de obras | SUBTIPO DE CONTRATO | Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias. |
| OBXECTO DO CONTRATO | "AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)" (POS + ADICIONAL 2/2021) | | |
| PROCEDEMENTO | Procedemento aberto simplificado (art. 159 LCSP) | TIPO DE TRAMITACIÓN | Ordinaria |



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

| | | | | | |
|---------------------------------|--|------------------|---|-----------------------------|--------------|
| CONTRATACIÓN | | | | | |
| CÓDIGO CPV | CPV: 45232411-6 Trabajos de construcción de canalizaciones de aguas sucias. | | | | |
| VALOR ESTIMADO | 120.035,35 € | | | | |
| ORZAMENTO O BASE SEN IVE | 120.035,35 € | IVE 21% | 25.207,42 € | ORZAMENTO BASE INCL. | 145.242,77 € |
| FINANCIACIÓN | Aportación do POS+ Adicional 2/2021 da Deputación da Coruña: <ul style="list-style-type: none"> Aportación Deputación da Coruña: 121.978,62 € (83,98 %) Aportación Concello: 23.264,15 €(16,02 %) | | | | |
| DURACIÓN DA EXECUCIÓN | DEZASETE (17) SEMANAS (OU CUATRO MESES), | PRÓRROGAS | Poderíanse acordar no caso de darse circunstancias non previstas inicialmente | | |
| NECESIDADE A SATISFACER | Ampliación da rede municipal de saneamento. | | | | |

SEGUNDO. Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares que reixerán o contrato para a execución das obras contidas no proxecto "**AMPLIACIÓN DA REDE MUNICIPAL DE SANEAMENTO DE AUGAS RESIDUAIS EN SAN COSME (NOGUEIROSA)**" (**POS + ADICIONAL 2/2021**), documento con rexistro de entrada 202199900000396 de 04/03/2021, redactado e asinado dixitalmente polo enxeñeiro de camiños Antonio José Durán Maciñeira en data 03.03.2021, cun orzamento de 145.242,77 € (120.035,35 € + 25.207,42 € de IVE),. aprobado por Decreto 245/2021 de 22/04/2021., mediante procedemento aberto simplificado, con pluralidade de criterios de adxudicación con aplicación de xuízos de valor e criterios de apreciación automática, tramitación ordinaria.

TERCEIRO. Autorizar o gasto correspondente que comporta o presente contrato, unha vez que xa foi retido o crédito por importe de 145.242,77 € con cargo á partida orzamentaria 160 60900 do orzamento de 2022.

CUARTO. Publicar no perfil do contratante a aprobación do presente expediente de contratación co contido contemplado no anexo III da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do sector público, así como toda a documentación integrante do expediente de contratación, en particular o prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas. A documentación necesaria para a presentación das ofertas ten que estar dispoñible o mesmo día de publicación do anuncio de licitación.

QUINTO.- Designar a Mesa de Contratación que será a que asuma todas as competencias que se lle asignan a este órgano colegiado tanto nos pregos reguladores de contratación como na lexislación de contratos do sector público, aplicable ao expediente, que quedará integrada do seguinte xeito, xustificándose a asistencia á mesma, en cumprimento do Disposto na Disposición Adicional Segunda da Lei 9/2017 do 8 de novembro, do funcionario interino David



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico, por atoparse desempeñando o posto interinamente ata a cobertura da praza por funcionario de carreira e publicar a súa composición no perfil do contratante:

Presidente: Daniel Ríos Fernández, (Concelleiro de Vías e obras, Economía, Facenda e Especial de Contas e Industria)

Vocais:

-Ana Ramos Ramos, secretaria municipal.

-Lucía Varela Martínez, interventora municipal.

-Marta Gómez Fernández, arquitecta municipal.

-David Álvarez Ferreiro, arquitecto técnico municipal

- Secretario/a: Eva Guerrero Rico, administrativa (Área de Secretaría)

Secretaria Suplente: Montserrat Soto Soto, auxiliar administrativa (Área de Secretaría)

SEXTO.- Dar traslado da presente resolución ao departamento de Intervención debido aos efectos económicos implícitos ao presente acto administrativo.

SÉTIMO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro do que eu, D^a Ana Ramos Ramos, como Secretaria, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

”

E para que conste e surta os efectos oportunos no expediente da súa razón, Dona Ana Ramos Ramos, Secretaria do concello de Ponte deume, en cumprimento do disposto no artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional e nos artigos 204 e 205 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, expido a presente certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. Alcalde, Bernardo Fernández Piñeiro, que se asina dixitalmente en Ponte deume, á data sinalada na marxe, rubricada polo/a funcionario/a tramitador/a.

